



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

### **CIRCULAR 60-2013**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os asambleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE MONTAÑA E DAS CATEGORÍAS JUNIOR E PROMESA**

Esgos (Ourense), 9 de Xuño do 2013

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Ourense e coa colaboración do Concello de Esgos organizará o Campionato Galego de Montaña que terá lugar o vindeiro domingo **día 9 de Xuño** do 2013 na localidade de Esgos.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas nados no ano 1995 e anteriores que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2012/13) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.
  - Segundo acordo de Asamblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que estén nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 4 de Xuño do 2013.**

**Art.4)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** A saída está prevista para as 10:30 horas diante da Casa do Concello de Esgos. A carreira discurrirá por un percorrido de 13 kilómetros.

**Art.8)** Haberá postos de avituallamiento para os participantes

**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.10)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a xxxxx de 2013